

DO-0203 Orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo

R2 DO-0203

Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)

Curso 2024/2025

Aprobado en Comisión de Calidade: 21/10/2025

Vigo, a 21 de outubro de 2025

Guillermo García Lomba
Coordinador CGIC

Contido

1	Presentación	3
2	Equipo de coordinación e titorización	3
3	Estudantado de novo ingreso	3
3.1	Xornada de Benvida	3
3.2	Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso	4
4	Actividades do PAT-ENEAE dos graos	6
4.1	Reunións das persoas coordinadoras das titulacións co estudantado	6
4.2	Actividades do PAT-ANEAE de 1º e 2º dos graos	6
4.2.1	1º curso dos graos	6
4.2.2	2º cursos dos graos	8
4.3	Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao EE	11
4.3.1	3º curso do grao EE	11
4.3.2	4º curso do grao EE	14
4.4	Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao do grao ERME	17
4.4.1	3º curso do grao ERME	18
4.4.2	4º curso do grao ERME	20
5	Actividades do PAT-ANEAE do MUEM	23
5.1	1º Curso	24
5.2	2º Curso	27
6	Actividades do PAT-ENEAE do MUXSA	29
7	Actividades de orientación académica, profesional e formativas	29
8	Informe PIUNE	31
9	Programa de seguimento das persoas egresadas da EME	31
10	Conclusións	31

1 Presentación

O informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo PAT-ANEAE do curso 2024/2025, recolle as principais actuacións destinadas a favorecer a integración do estudantado na vida universitaria e atender a súas necesidades formativas e informativas.

O ámbito de aplicación de estas actuacións foron as titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EEME):

- Grao en Enxeñaría da Enerxía (en adiante GEE)
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en adiante GERME)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (en adiante MUEM)
- Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (en adiante MUXSA).

2 Equipo de coordinación e titorización

No curso 2024/2025 as persoas designadas como titoras do PAT foron as mesmas que desempeñaron a coordinación de curso:

Táboa 1. Relación de persoas titoras do PAT

Función	Nome e apelidos	Contacto
Titora de 1º graos	Iria Feijóo Vázquez	ifeijoo@uvigo.gal
Titora de 2º graos	Raquel Pérez Orozco	rporozco@uvigo.gal
Titor de 3º GEE	Pablo Eguía Oller	peguia@uvigo.gal
Titor 3º, 4º GERME	Fernando García Bastante	bastante@uvigo.gal
Titora 4º GEE	Ana Mª Rodríguez Rodríguez	aroguez@uvigo.gal
Titor 1º MUEM	Guillermo García Lomba	glomba@uvigo.gal
Titora 2º MUEM	Marta M. Cabeza Simón	mcabeza@uvigo.gal
Coordinadora PAT-ANEAE	Ana Mª Rodríguez Rodríguez	aroguez@uvigo.gal eme.piune@uvigo.gal

3 Estudiantado de novo ingreso

3.1 Xornada de Benvida

Como cada ano, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu ao novo estudantado dos graos de EE e ERME (5 de setembro do 2024). Nesta Xornada de Benvida informouse ao

estudantado de novo ingreso dos dous graos dos aspectos máis importantes da vida académica do centro: calendarios, horarios, prácticas, secretaría virtual, MOOVI, mobilidade, etc., así como as actividades das diferentes asociacións estudantís do centro. Esta información é accesible ao estudantado no espazo EME-INFO1: Información e Orientación Primeiro Curso GEE/GERME.

3.2 Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso

O estudantado de novo ingreso fixo unha enquisa co obxectivo de coñecer os motivos para elixir os graos de EE e ERME así como os medios polos que coñeceron a titulación. No curso 2024/2025 contestaron a enquisa un total de 70 estudantes 46 do grao de EE e 24 do grao de ERME.

Na pregunta sobre por medio de quen ou de que medio coñeceron a titulación, a opción máis escollida foi a páxina web da Escola, mencionada por 23 estudantes. En segundo lugar sitúanse os familiares ou amigos (20 respostas), seguidos polos eventos organizados na EME ou visitas aos centros de ensino (17 respostas).

Outras vías de información tamén destacadas, aínda que con menor incidencia, foron os trípticos informativos (12 respostas) e a información obtida a través das titulacións do SUG (11 respostas). A continuación aparecen opcións máis repartidas como o orientador/a ou profesorado do centro educativo de orixe (7), as redes sociais (5), as charlas da UVigo nos centros e a prensa (4 cada unha). As opcións menos mencionadas foron as feiras de orientación (6) e Outros medios (1 resposta).

En resumo, obsérvase que a canle principal pola que o alumnado coñeceu a titulación foi a información institucional da Escola, especialmente a través da súa web, complementada pola influencia do ámbito máis próximo (familia e amigos) e pola participación en actividades de difusión propias da EME. As demais fontes teñen unha presenza moito máis distribuída e minoritaria (Figura 1).




Figura 1. Medio polo que coñeceron a titulación os estudantes de novo ingreso nos graos

No caso da motivación para a elección da titulación de GEE ou GERME As motivacións achegadas polo alumnado para elixir estes graos son diversas, aínda que se identifican varias tendencias comúns. A razón máis repetida está relacionada co interese polas enerxías renovables, a eficiencia enerxética, o medio ambiente e un futuro profesional vinculado ao desenvolvemento sostible e ao aproveitamento responsable dos recursos naturais. Tamén é

frecuente a elección pola boa consideración das saídas laborais destes graos, percibidos como estudos con demanda e con oportunidades profesionais estables. Un número significativo de estudantes manifesta ademais a súa vocación científica e o gusto polas matemáticas, a física, a tecnoloxía ou, no caso dos recursos mineiros, pola xeoloxía e a minería. Outra motivación destacada é a influencia do profesorado, da familia ou de persoas achegadas que recomendaron a titulación ou falan positivamente dela. Finalmente, aparece tamén un grupo de estudantes que accedeu a estes estudos por non obter a nota necesaria para outra carreira ou por ser unha das poucas opcións con prazas dispoñibles. En conxunto, percíbese unha combinación de interese persoal polo ámbito enerxético e ambiental, expectativas laborais e decisións condicionadas polo contexto académico ou familiar.

En relación coa pregunta sobre se lles gustaría ampliar a súa formación e en que ámbitos están interesados, (Figura 2) obsérvase que o alumnado mostra unha clara preferencia por áreas complementarias ao seu grao técnico. Os temas máis demandados son a informática (30 respostas) e os idiomas (29), o que evidencia o interese por competencias cada vez máis valoradas no ámbito profesional e globalizado. Tamén destaca a divulgación científica (21), seguida da formación cultural (13), o que amosa unha inquietude por ampliar coñecementos máis aló do estritamente tecnolóxico. En menor medida aparecen intereses como a oratoria e o debate (9), a intelixencia emocional (6) e o traballo en equipo (5), ámbitos relacionados coas habilidades sociais e comunicativas, aínda que menos prioritarios para o alumnado. En conxunto, pódese afirmar que existe unha vontade maioritaria de mellorar a súa formación, especialmente en competencias técnicas e lingüísticas, sen esquecer o interese por unha formación máis integral e multidisciplinar.




Figura 2. Temas de interese do estudantado de novo ingreso nos graos

4 Actividades do PAT-ENEAE dos graos

4.1 Reunións das persoas coordinadoras das titulacións co estudantado.

Realizáronse reunións de seguimento co estudantado co obxectivo de dar resposta ás necesidades detectadas na actividade docente diaria.

4.2 Actividades do PAT-ANEAE de 1º e 2º dos graos

4.2.1 1º curso dos graos

A presentación do PAT-ANEAE o estudantado do primeiro curso realizouse o 4 de setembro, aproveitando o acto de benvida, e comentóuselles como acceder a toda a información no espazo MOOVI (PAT e enquisas do PAT).

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

O 13 de novembro de 2024 convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. Parte do estudantado completou a enquisa ese mesmo día, pero deixouse aberta a súa entrega ata o 21 de febreiro de 2025, co propósito de que a puidese cubrir o alumnado que non asistise a clase nesa data e, por outra banda, para permitir que o estudantado avaliasse a docencia unha vez realizados os exames finais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 14 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuadrimestre no 1º curso dos graos universitarios GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Destaca Álgebra Lineal (80,6%), seguida de Expresión Gráfica (74,7%), Química (69,0%), Cálculo I (69,0%) e, en último lugar, Física I (67,3%). Estes resultados indican un grao de presentación ás probas elevado en xeral, aínda que con marxe de mellora en Física I, onde unha parte do alumnado opta por non se avaliar.

Taxa de éxito

Este dato sitúa a Física I na primeira posición (66,7%), seguida de Química (65,0%) e Expresión Gráfica (61,8%). Pola contra, Cálculo I (36,2%) e Álgebra Lineal (32,5%) amosan porcentaxes moi baixas, o que evidencia unha problemática nestas materias.

Taxa de rendemento

Sobresaen Química (51,5%), Expresión Gráfica (46,2%) e Física I (44,9%). En cambio, Álgebra Lineal (26,2%) e Cálculo I (25,0%) volven rexistrar valores especialmente reducidos, o que confirma a necesidade de propor algunha medida de apoio ao estudo.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia oscila entre 1 e 15. A dedicación horaria semanal é superior en Física I (6,1 h) e Química (5 h), mentres que é menor en Expresión Gráfica (2,8 h). Cálculo I (4,7 h) e Álgebra Lineal (4,1 h) sitúanse nun termo medio.

A percepción de dificultade é máis elevada en Física I, Álgebra Lineal e Cálculo I (2,8 sobre 3), mentres que Química (2,0) e, sobre todo, Expresión Gráfica (1,8) se perciben como menos esixentes.

Por último, os hábitos de estudo constitúen un factor crítico: unicamente un 29% do alumnado declara estudar a diario, mentres que un 71% non mantén un traballo continuado. Este aspecto resulta especialmente preocupante en materias de maior dificultade percibida, como Álgebra e Cálculo, nas que a falta de constancia repercute directamente nos baixos niveis de éxito e rendemento.

Conclusión

O informe reflicte un panorama desigual: resultados satisfactorios en varias materias, pero dificultades notables en Álgebra Lineal e Cálculo I, que deben ser abordadas mediante un maior apoio académico e titorial, así como mediante accións que fomenten a constancia e a motivación do alumnado.

Só o 29% estuda a diario, o cal é insuficiente para materias cun alto grao de dificultade percibida. A media de horas de estudo varía, pero non sempre garda relación directa cos resultados académicos (por exemplo, Álgebra Lineal ten 4,1 h/semana de dedicación, pero unha taxa de éxito moi baixa). É clave a calidade do estudo.

Tendo en conta a escasa participación do alumnado na enquisa do PAT, os datos amosan disparidades significativas nas taxas de éxito e de avaliación entre materias, así como carencias nos hábitos de estudo do alumnado. É fundamental implementar medidas de apoio académico e de orientación titorial, como charlas sobre técnicas de estudo, para fomentar un estudo continuo e eficaz, sobre todo nas materias con maior dificultade percibida e menor rendemento.

Enquisas e Resultados do 2º cuatrimestre

Tras convocar ao estudantado a través de MOOVI para cubrir a enquisa co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuatrimestre, esta permaneceu aberta ata o 26 de xuño de 2025, co propósito de que a puidese completar o alumnado que non asistise a clase nesa data e de permitir que o estudantado avaliasse a docencia unha vez realizados os exames finais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 25 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuatrimestre no 1º curso dos graos universitarios de GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Empresa destaca cun 76,9%, seguida de Física II (72,2%) e Estatística (73,6%). Cálculo II (52,8%) e Informática (42,6%) amosan porcentaxes de presentación significativamente máis baixas. Un menor porcentaxe de presentación pode indicar, nalgúns casos, dificultades na materia (desmotivación ou inseguridade) ou falta de preparación previa.

Taxa de éxito

Física II acada o valor máis alto (66,2%), seguida de Empresa (61,4%) e Estatística (62,5%). Cálculo II (51,8%) e Informática (45,5%) sitúanse nas cifras máis baixas. Chama a atención a

baixa taxa de éxito en Informática, o que suxire que podería requirir reforzo adicional, cambios metodolóxicos ou estratexias específicas de apoio.

Taxa de rendemento

Física II obtén a taxa máis alta (47,8%), seguida de Empresa (47,3%) e Estatística (46,0%). A baixa taxa de presentación e de éxito en Cálculo II e Informática dá lugar aos seus baixos rendementos globais (27,4% e 19,4%, respectivamente).

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia varía do seguinte xeito: Física II (7 h), Informática (6,9 h), Cálculo II (6,6 h), Estatística (3,9 h) e Empresa (3,8 h). Destaca que as materias con menor rendemento (Informática e Cálculo II) son precisamente aquelas ás que se dedica máis tempo de estudo.

As materias de Cálculo II e Informática comparten a valoración máis alta (2,8) na percepción de dificultade (máximo 3), o que indica que o estudantado as percibe como as máis esixentes. Física II e Estatística sitúanse nun nivel intermedio (1,9), mentres que Empresa presenta a dificultade percibida máis baixa (1,2).

3. Hábitos de estudo diario

O 68% do estudantado afirma estudar a diario, mentres que un 32% non o fai de maneira regular. Aínda que este dato é máis alentador que o do cuadrimestre anterior, continúa a ser unha debilidade a ter en conta, xa que o estudo continuado é fundamental para materias cun alto grao de dificultade, como Cálculo II e Informática.

Conclusión

As materias de Cálculo II e Informática presentan as maiores dificultades, reflectidas nas súas baixas taxas de rendemento e nunha alta percepción de dificultade. A pesar de que o estudantado lles dedica máis horas, os resultados non son proporcionais ao esforzo realizado.

Aínda que o 68% do alumnado que responde a enquisa estuda a diario, a calidade do estudo pode ser un factor clave. Os datos amosan disparidades significativas nas taxas de éxito e de avaliación entre materias.

É fundamental implementar medidas de apoio académico e de orientación titorial, como charlas sobre técnicas de estudo que fomenten un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias con maior dificultade percibida e menor rendemento. É importante centrarse non só na cantidade de estudo, senón tamén na calidade e nas estratexias empregadas para abordar as materias máis esixentes.

4.2.2 2º cursos dos graos

A titora do 2º curso enviou unha mensaxe o 16 de setembro, a través de MOOVI, presentándose e presentando o PAT, e o días despois pasou pola aula para presentarse e darlles a benvida ao PAT en persoa.

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 9 ao 20 de decembro para que o

estudiantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 26 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuatrimestre no 2º curso dos graos universitarios GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Resistencia de Materiais (100%), Tecnoloxía de Materiais (91%) e Circuitos e Máquinas Eléctricas (87,1%) presentan as porcentaxes de avaliación máis altas, o que reflicte un alto grao de participación do alumnado nas probas. Pola súa parte, Mecánica de Fluídos (81,5%) e Sistemas Térmicos (73,9%) amosan cifras algo máis baixas, o que podería indicar unha menor confianza ou preparación previa para afrontar os exames.

Taxa de éxito

Sobresaen os resultados en Sistemas Térmicos (85,3%), que acada un nivel claramente superior ao resto das materias. Séguena Mecánica de Fluídos (60,4%), Resistencia de Materiais (60%) e Tecnoloxía de Materiais (54,1%). Destaca de maneira negativa Circuitos e Máquinas Eléctricas (53,7%), onde, a pesar de que a maioría do alumnado se presenta, o porcentaxe de aprobados é reducido, o que suxire a existencia de dificultades metodolóxicas ou de asimilación dos contidos.

Taxa de rendemento

Os resultados máis altos corresponden a Sistemas Térmicos (63%), seguidos de Resistencia de Materiais (60%) e Tecnoloxía de Materiais (54,1%), que manteñen cifras positivas en relación co total do alumnado matriculado. En cambio, Mecánica de Fluídos (49,2%) e, especialmente, Circuitos e Máquinas Eléctricas (46,8%) presentan rendementos máis baixos, reflectindo o impacto directo das dificultades sinaladas anteriormente.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia oscila entre 1 e 15. Os resultados da enquisa indican: Mecánica de Fluídos: 5,4 h, Circuitos e Máquinas Eléctricas: 4,5 h, Sistemas Térmicos: 4,2 h e Tecnoloxía de Materiais: 4,1 h.

Mecánica de Fluídos e Circuitos e Máquinas Eléctricas concentran as principais dificultades. A primeira require unha gran cantidade de horas de estudo para acadar un rendemento baixo, mentres que na segunda obsérvase un desaxuste entre a alta participación nos exames e os resultados finais, que son reducidos.

Tecnoloxía de Materiais presenta unha dificultade moderada, cun rendemento aceptable en relación co esforzo realizado. Resistencia de Materiais percíbese como esixente pero equilibrada, xa que mantén unha boa relación entre avaliación, éxito e resultados. Por último, Sistemas Térmicos combina unha participación algo menor con moi bos índices de éxito e rendemento, o que indica que a dificultade real é moderada e pode superarse cunha preparación axeitada.

3. Hábitos de estudo diario

O 42% do estudiantado declara estudar a diario, mentres que un 58% non o fai de forma regular. A pesar de que esta porcentaxe de estudo diario (42%) é superior á media, segue existindo unha ampla marxe de mellora. Para materias cun alto grao de dificultade é evidente que se precisa un reforzo para favorecer a asimilación dos novos conceptos.

Conclusión

A análise dos resultados académicos mostra un panorama diverso no rendemento das materias. En canto á participación, destacan Resistencia de Materiais (100%), Tecnoloxía de Materiais (91%) e Circuitos e Máquinas Eléctricas (87,1%), mentres que Mecánica de Fluídos (81,5%) e Sistemas Térmicos (73,9%) presentan taxas máis baixas, posiblemente relacionadas cunha menor confianza na preparación.

Os indicadores de éxito e rendemento reflicten diferenzas notables. Sistemas Térmicos acadou os mellores resultados (85,3% de éxito e 63% de rendemento), consolidándose como a materia cun desempeño máis favorable. Resistencia de Materiais e Tecnoloxía de Materiais manteñen cifras equilibradas que as sitúan nun nivel de dificultade moderada.

Pola contra, Mecánica de Fluídos (49,2% de rendemento) e Circuitos e Máquinas Eléctricas (46,8%) concentran as principais dificultades: no primeiro caso, polo elevado tempo de estudo requirido fronte aos resultados obtidos, e no segundo, polo desaxuste entre a alta participación e o baixo porcentaxe de aprobados.

Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudiantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 7 de maio ao 7 de xuño para que o estudiantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 5 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuadrimestre no 2º curso dos graos universitarios de GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Tecnoloxía Electrónica (82,7%), Tecnoloxía Ambiental (82,6%) e Seguridade e Saúde (81,3%) presentan as porcentaxes máis altas, o que suxire un elevado nivel de preparación ou motivación. Enxeñaría Mecánica (73,0%) e Transmisión de Calor (72,2%) amosan valores intermedios, mentres que Xeoloxía se sitúa no valor máis baixo (62,5%).

Taxa de éxito

Xeoloxía (100%) e Seguridade e Saúde (97,4%) destacan con taxas de éxito case perfectas, seguidas de Tecnoloxía Electrónica (86,0%) e Tecnoloxía Ambiental (63,2%). As taxas máis baixas corresponden a Transmisión de Calor (57,7%) e Enxeñaría Mecánica (34,8%), o que suxire que, aínda que moitos estudantes se presentan, a maioría non consegue aprobar.

Taxa de rendemento

Seguridade e Saúde (79,2%), Tecnoloxía Electrónica (71,2%) e Xeoloxía (62,5%) manteñen cifras moi positivas. En contraste, as taxas de rendemento de Transmisión de Calor (41,7%) e Enxeñaría Mecánica (25,4%) son notablemente baixas. De novo, a combinación dunha baixa taxa de éxito cun alto porcentaxe de presentados tradúcese nun rendemento global reducido.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Enxeñaría Mecánica: 6 h, Tecnoloxía Ambiental: 4,2 h, Tecnoloxía Electrónica: 3,3 h, Transmisión de Calor: 2,7 h, Xeoloxía: 2 h e Seguridade e Saúde: 1 h

As materias de Transmisión de Calor e Enxeñaría Mecánica comparten a valoración máis alta (3) na percepción de dificultade, o que indica que o estudiantado as considera as máis esixentes. No extremo oposto, Seguridade e Saúde e Xeoloxía son percibidas como as menos difíciles (1), o que concorda coas súas elevadas taxas de éxito.

3. Hábitos de estudo diario

Unicamente o 20% do estudiantado declara estudar a diario, mentres que un 80% non o fai de forma regular. Este baixo porcentaxe de estudo diario é un factor preocupante e pode estar directamente relacionado co baixo rendemento en materias de alta dificultade, como Enxeñaría Mecánica e Transmisión de Calor.

Conclusión

As materias de Enxeñaría Mecánica e Transmisión de Calor destacan como as máis problemáticas, con baixas taxas de éxito e un alto grao de dificultade percibida. A pesar de que se dedica unha cantidade considerable de horas de estudo a Enxeñaría Mecánica, o seu rendemento é o máis baixo do grupo, o que suxire a necesidade de revisar as estratexias de aprendizaxe e metodoloxía.

Pola contra, Seguridade e Saúde, Tecnoloxía Electrónica e Xeoloxía presentan resultados moi positivos. As altas taxas de éxito e rendemento, combinadas cunha menor percepción de dificultade, mostran que o alumnado se adaptou de maneira eficaz a estas materias.

A escasa frecuencia de estudo diario —só o 20% do alumnado— constitúe unha debilidade significativa que debe ser abordada. Para mellorar o rendemento global, é fundamental implementar medidas de apoio académico e orientación tutorial que fomenten un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes.

4.3 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao EE

4.3.1 3º curso do grao EE

Tras a presentación do titor, convocouse a todo o estudiantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 22 de novembro ao 15 de decembro para que o estudiantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 17 estudantes

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuadrimestre no 3º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos rexistra a maior taxa de avaliación, cun 95,3%, o que reflicte un alto nivel de compromiso e asistencia. Enxeñaría de Sistemas e Control e Instalacións Eléctricas presentan taxas do 91,1%, o que tamén indica unha participación positiva. Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable amosa unha taxa do 88,5%, lixeiramente inferior pero aínda dentro dun rango aceptable.

Taxa de éxito

O mellor desempeño obsérvase en Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable, cun 87%, seguida de Instalacións Eléctricas (85,4%), o que suxire que o alumnado está ben preparado para superar estas materias. Enxeñaría de Sistemas e Control acada un 80,5%, mostrando resultados satisfactorios. Pola súa parte, Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos presenta unha taxa de éxito do 61%, o que indica que unha proporción significativa do alumnado non logra aprobar.

Taxa de rendemento

Instalacións Eléctricas destaca cun 77,8%, seguida de Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable (76,9%), o que reflicte un rendemento global positivo. Enxeñaría de Sistemas e Control obtén un 73,3%, evidenciando un rendemento aceptable. Finalmente, Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos presenta o rendemento máis baixo (58,1%), o que suxire dificultades importantes na comprensión e superación da materia.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia oscila entre 1 e 15. Os resultados da enquisa indican que Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable é o módulo con maior dedicación (7,4 h/semana) e, ao mesmo tempo, o percibido como menos difícil (1,9/3). Esta combinación de alto esforzo e baixa percepción de dificultade reflíctese nos seus excelentes resultados, coa taxa de éxito máis elevada (87%).

Pola contra, Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos presenta unha situación crítica. A pesar de recibir unha dedicación moi alta (6,2 h/semana), superior á doutras materias, o alumnado identifícaa como a máis difícil (2,3/3). Esta alta complexidade percibida, unida a unha baixa taxa de éxito (61%), suxire que o esforzo investido non está a ser efectivo, o que podería indicar problemas na comprensión dos contidos ou nas estratexias de estudo.

Enxeñaría de Sistemas e Control, cunha dedicación moderada (4 h/semana) e unha dificultade percibida media-alta (2,2/3), acada resultados satisfactorios (80,5% de éxito), o que apunta a unha xestión eficaz do tempo e do estudo por parte do alumnado en función do nivel de esixencia da materia.

3. Hábitos de estudo diario

O 47% do estudantado participante na enquisa declara estudar a diario, mentres que un 53% non mantén un hábito de estudo regular. Esta falta de constancia pode ser un factor determinante no baixo rendemento de Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos.

Conclusión

A análise dos datos revela unha relación crítica entre a dedicación horaria, a percepción de dificultade e os resultados académicos. A situación máis preocupante obsérvase en Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos, onde unha alta dedicación (6,2 h/semana) e unha elevada percepción de dificultade (2,3) non se traducen en éxito académico (61%). Isto indica claramente que o simple incremento do esforzo non é suficiente; o problema parece radicar na efectividade das estratexias de aprendizaxe ou na natureza dos contidos.

Pola contra, o caso de Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable demostra que unha alta dedicación (7,4 h) combinada cunha baixa percepción de dificultade (1,9) conduce á excelencia (87% de éxito), servindo como exemplo de eficiencia. Enxeñaría de Sistemas e Control, cunha dedicación moderada (4 h) e dificultade media-alta (2,2), logra resultados satisfactorios (80,5%), evidenciando unha boa xestión do esforzo.

Finalmente, o 53% do alumnado que non estuda a diario podería estar a ver afectado o seu rendemento, especialmente nas materias de maior complexidade. É necesario reforzar o acompañamento tutorial e o desenvolvemento de estratexias de estudo eficaces para mellorar o rendemento global.

Enquisas e Resultado do 2º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 9 de maio ao 16 de xuño para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 10 estudantes menos ca no primeiro cuadrimestre.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuadrimestre no 3º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (94,3%) e Motores e Turbomáquinas Térmicas (92,3%) presentan as porcentaxes máis altas. Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (88%) e Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (76,7%) amosan valores intermedios, mentres que Sistemas Eléctricos de Potencia (78,4%) sitúase no valor máis baixo.

Taxa de éxito

Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (100%) e Motores e Turbomáquinas Térmicas (66,7%) destacan coas taxas máis elevadas. Sistemas Eléctricos de Potencia (62,1%) e Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (45,5%) sitúanse nun rango intermedio, mentres que Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas presenta a taxa máis baixa (45,5%).

Taxa de rendemento

Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (94,3%) e Motores e Turbomáquinas Térmicas (61,5%) manteñen cifras moi positivas. En contraste, as taxas de rendemento de Sistemas Eléctricos de Potencia (48,6%), Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (40,0%) e Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (34,9%) son notablemente máis baixas.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Motores e Turbomáquinas Térmicas (5,2 h), Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (5,1 h), Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (4,8 h), Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (4,1 h) e Sistemas Eléctricos de Potencia (3,7 h).

As materias de Sistemas Eléctricos de Potencia (2,5) e Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (2,3) presentan unha alta valoración na percepción de dificultade. No outro extremo, Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (1,6) e Motores e Turbomáquinas Térmicas (1,8) son percibidas como as menos difíciles, o que concorda coas súas elevadas taxas de éxito.

3. Hábitos de estudo diario

Unicamente o 50% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o outro 50% non o fai de maneira regular. Aínda que esta porcentaxe é superior á doutros períodos analizados, segue a ser unha debilidade que pode estar relacionada co baixo rendemento en materias cunha alta percepción de dificultade, como Sistemas Eléctricos de Potencia.

Conclusión

As materias de Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas e Xeración Eléctrica Renovable e Convencional destacan como as máis problemáticas, con baixas taxas de éxito e un alto grao de dificultade percibida. En contraste, Tecnoloxía de Combustibles Alternativos e Motores e Turbomáquinas Térmicas presentan resultados moi positivos, o que indica unha boa coherencia entre a percepción de dificultade e o rendemento obtido.

A pesar de que o 50% do alumnado estuda a diario, a outra metade non o fai, o que constitúe unha debilidade significativa. É fundamental implementar medidas de apoio académico e orientación tutorial para fomentar un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes, como Sistemas Eléctricos de Potencia. Resulta necesario revisar as estratexias de estudo do alumnado para acadar unha maior coherencia entre o tempo de dedicación e os resultados obtidos.

4.3.2 4º curso do grao EE

Tras a presentación da titora ao comezo do curso académico, convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuatrimestre. A enquisa estivo aberta do 22 de xaneiro ao 7 de febreiro de 2025 para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames finais das materias. Ao remate deste período, completaron a enquisa cinco estudantes.

Enquisas e Resultados do 1º cuatrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuatrimestre no 4º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades

no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do plan de acción tutorial.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

As materias de Proxecto Colaborativo, Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas e Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización presentan unha taxa de avaliación do 100%, o que indica unha participación completa do alumnado. Xestión da Enerxía Térmica (88,5%) e Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica (90,9%) amosan niveis de participación moi altos. Enerxías Alternativas Fluidodinámicas rexistra un 87,5%, mentres que Organización de Empresas presenta a taxa máis baixa (66,7%), o que podería suxerir certas dificultades de motivación ou preparación.

Taxa de éxito

Organización de Empresas, Proxecto Colaborativo, Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas, Enerxías Alternativas Fluidodinámicas e Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización acadan o 100% de éxito, demostrando unha excelente asimilación dos contidos. Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica logra un 95%, e Xestión da Enerxía Térmica un 87%, mostrando tamén resultados moi positivos.

Taxa de rendemento

Proxecto Colaborativo, Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas e Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización obteñen un 100% de rendemento. Enerxías Alternativas Fluidodinámicas alcanza un 87,5% e Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica un 86,4%. Xestión da Enerxía Térmica presenta un 76,9%, mentres que Organización de Empresas amosa o rendemento máis baixo (66,7%), debido principalmente á súa reducida taxa de avaliación.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A análise revela relacións significativas entre o esforzo investido, a dificultade percibida e os resultados académicos. Proxecto Colaborativo recibe a maior dedicación (10 h/semana) cunha dificultade media (2/3), acadando resultados perfectos, o que indica unha xestión eficaz do traballo. Enerxías Alternativas Fluidodinámicas, cunha alta dedicación (8 h/semana) e dificultade media (2/3), consegue tamén un excelente rendemento (87,5%).

Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica e Xestión da Enerxía Térmica amosan dedicacións semellantes (7 h e 6,8 h/semana), pero con resultados diferentes. A primeira, cunha dificultade percibida menor (1,8/3), obtén un rendemento máis alto (86,4%) que a segunda, cunha dificultade superior (2,2/3) e un rendemento do 76,9%. Isto suxire que a dificultade percibida inflúe de maneira significativa na eficacia do estudo.

Organización de Empresas, cunha baixa dedicación (4 h/semana) e dificultade mínima (1/3), presenta o rendemento máis baixo (66,7%), o que indica que a falta de esforzo, mesmo en materias sinxelas, repercute negativamente nos resultados. Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización, cunha dedicación media (6 h/semana) e baixa dificultade (1/3), logra resultados perfectos, demostrando unha excelente eficiencia na aprendizaxe.

3. Hábitos de estudo diario

O 60% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o 40% non o fai. Fomentar o hábito de estudo regular podería mellorar a confianza e a participación nas materias cunha menor taxa de avaliación, como é o caso de Organización de Empresas.

Conclusión

A análise dos resultados académicos evidencia unha clara interrelación entre a dedicación horaria, a percepción de dificultade e o rendemento final. Obsérvase que materias cunha alta dedicación e dificultade moderada, como Proxecto Colaborativo (10 h/semana, dificultade 2/3) e Enerxías Alternativas Fluidodinámicas (8 h/semana, dificultade 2/3), acadan excelentes resultados (100% e 87,5% de rendemento), demostrando que o esforzo ben dirixido é efectivo.

Pola súa banda, Xestión da Enerxía Térmica (6,8 h/semana) presenta un rendemento inferior (76,9%) a pesar da súa alta dedicación, o que se atribúe á maior dificultade percibida (2,2/3), sinalando a necesidade de mellorar as estratexias de aprendizaxe nesta materia. O caso máis preocupante é o de Organización de Empresas, que cunha baixa dedicación (4 h/semana) e dificultade mínima (1/3) obtén o peor rendemento (66,7%), indicando que a falta de compromiso avaliativo pode afectar mesmo a materias percibidas como sinxelas. En contraste, Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización (6 h/semana, dificultade 1/3) acada o 100% de rendemento, confirmando que a combinación de esforzo axeitado e baixa dificultade xera os mellores resultados.

Finalmente, aínda que o 60% do alumnado estuda a diario, un 40% aínda non o fai. Fomentar hábitos de estudo regulares podería repercutir positivamente na confianza do estudantado para presentarse aos exames e mellorar o seu rendemento global.

Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 23 ao 30 de abril de 2025 para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa dous estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuadrimestre no 4º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Obras, replanteos e procesos de construción, e Uso eficiente da enerxía eléctrica (100%) presentan a taxa de avaliación máis alta, o que suxire un alto nivel de preparación ou motivación. Séguenlles Eficiencia enerxética: Sustentabilidade e certificación e Deseño asistido por ordenador (87,5%), mentres que Traballo de Fin de Grao (48%) ten a máis baixa.

Taxa de éxito

Todas as materias, a excepción de Traballo de Fin de Grao, teñen unha taxa de éxito do 100%, o que suxire que todos os estudantes que se presentaron aprobaron.

Taxa de rendemento

Obras, replanteos y procesos de construción e Uso eficiente da enerxía eléctrica acadan o 100%. Por outra banda, Eficiencia enerxética: Sustentabilidade e certificación e Deseño asistido por ordenador (87,5%) teñen un alto rendemento, mentres que Traballo de Fin de Grao (48%) e Enxeñaría nuclear teñen as taxas de rendemento máis baixas.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Traballo de Fin de Grao (11 h), Eficiencia enerxética: Sustentabilidade e certificación (9 h), e Obras, replanteos y procesos de construción (6 h).

En canto á percepción de dificultade, Obras, replanteos y procesos de construción e Traballo de Fin de Grao teñen unha alta valoración (3), indicando que os estudantes as consideran moi esixentes. No outro extremo, Eficiencia enerxética: Sustentabilidade e certificación (2) e Proxectos (1,5) son percibidas como as menos difíciles.

3. Hábitos de estudo diario

O 50% do estudiantado declara estudar a diario, mentres que o outro 50% non o fai de forma regular. Esta porcentaxe, aínda que aceptable, é unha debilidade que pode influír no baixo rendemento de materias cunha alta percepción de dificultade, a pesar da alta dedicación horaria.

Conclusión

As materias de Obras, replanteos y procesos de construción e Uso eficiente da enerxía eléctrica destacan cun rendemento do 100%, o que é excepcional. En contraste, Traballo de Fin de Grao presenta unha baixa taxa de avaliación e rendemento, o que suxire que unha gran parte do alumnado non realiza a defensa quizais pola alta percepción de dificultade. Isto pode ser un sinal de que os estudantes se senten abruados pola complexidade da materia.

A disparidade entre a dedicación horaria e os resultados, sumado a que só a metade dos estudantes estudan a diario, mostra que as estratexias de estudo e as metodoloxías de ensino deben ser revisadas para asegurar que o esforzo dos estudantes se traduza nun maior éxito académico. É fundamental continuar coas medidas de apoio e orientación titorial para fomentar un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes.

Nota sobre a participación nas enquisas

A participación nas enquisas realizadas foi moi baixa, o que limita a fiabilidade dos resultados en determinados apartados. Por iso, algunhas materias que aparecen reflectidas nos valores das taxas de éxito, avaliación e rendemento non poden ser analizadas en profundidade nos apartados 2 e 3, ao non contar con información suficiente para extraer conclusións representativas.

4.4 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao do grao ERME

En canto ás actividades realizadas nos dous cursos foron as seguintes:

- Sesión informativa de inicio de curso co estudiantado, na que se presentou o titor e se lles lembrou a existencia do PAT, a súa misión e a súa dispoñibilidade. Esta sesión tivo lugar o 9 de setembro de 2024 para o estudiantado de terceiro curso e o 25 de setembro para o de cuarto curso.

- Envío de información ao estudantado a través de MOOVI sobre notificacións e actividades organizadas pola dirección do centro ou por entidades externas.
- Comunicación das sesións do PAT ao final de cada cuadrimestre, así como das enquisas correspondentes. Informouse ao estudantado que non puido asistir ás sesións de que as enquisas permanecerían abertas durante unha semana na plataforma MOOVI

4.4.1 3º curso do grao ERME

Tras a presentación do titor, convocouse a todo o estudantado co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta ata o 31 de decembro para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 5 estudantes.

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuadrimestre no 3º curso do grao ERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Mecánica de Solos e Procesos de Recuperación de Menas presentan unha taxa de avaliación do 100%, mostrando un compromiso excelente. Instalacións Eléctricas alcanza un 80%, mentres que Explotación Sostible de Recursos Mineiros e Voaduras rexistran 83.3% e 81.8% respectivamente. Mecánica de Rochas ten a taxa máis baixa (75%), indicando posibles dificultades.

Taxa de éxito

Mecánica de Solos, Explotación Sostible de Recursos Mineiros, Instalacións Eléctricas e Procesos de Recuperación de Menas acadan o 100% de éxito. Mecánica de Rochas logra un 83,3%, resultado sólido. Voaduras presenta a taxa máis baixa (66,7%), sinalando dificultades específicas.

Taxa de rendemento

Mecánica de Solos e Procesos de Recuperación de Menas obteñen un 100% de rendemento. Explotación Sostible de Recursos Mineiros alcanza 83,3% e Instalacións Eléctricas 80%. Voaduras e Mecánica de Rochas mostran os valores máis baixos (54,5% e 62,5%).

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

As materias de Procesos de Recuperación de Menas e Mecánica de Solos presentan a relación ideal entre esforzo e resultados. A primeira, cunha dedicación alta (4 h/semana) pero unha dificultade percibida moi baixa (1/3), alcanza o 100% en todas as taxas. A segunda, con dedicación media (3,2 h/semana) e dificultade media-baixa (1,6/3), logra igualmente resultados excelentes. Isto indica que o tempo de estudo investido é altamente efectivo, suxerindo que a metodoloxía de ensino e aprendizaxe nestas materias funciona correctamente.

No extremo oposto atópase Voaduras, que mostra a situación máis preocupante: a pesar de recibir a maior dedicación horaria (4,4 h/semana), a súa alta dificultade percibida (2,6/3)

tradúcese no rendemento máis baixo (54,5%). Esta discordancia sinala que o esforzo investido non é efectivo, posiblemente debido a deficiencias nas estratexias de estudo ou a problemas na comprensión de contidos particularmente complexos. De xeito similar, Mecánica de Rochas, con alta dedicación (3,8 h/semana) e a máxima dificultade percibida (3/3), presenta un rendemento mediocre (62,5%), agravado por unha baixa taxa de avaliación (75%).

Explotación Sostible de Recursos Mineiros e Instalacións Eléctricas demostran que unha dedicación moderada pode ser suficiente cando a dificultade é manexable. A primeira logra un 100% de éxito coa menor dedicación (2,2 h/semana) e baixa dificultade (1,2/3), mentres que a segunda mantén un bo rendemento (80%) con dedicación media-baixa (2,8 h/semana) e dificultade media (2,2/3).

3. Hábitos de estudo diario

O 47% dos estudantes que participaron na enquisa estudan diariamente, mentres que un 53% non segue un hábito de estudo regular. Esta falta de constancia no estudo pode ser un factor clave no baixo rendemento das materias percibidas como máis difíciles.

Conclusión

A análise integral dos datos revela que a relación entre dedicación horaria, percepción de dificultade e resultados académicos segue patróns complexos que van máis alá de correlacións simples. As materias con mellores resultados, como Procesos de Recuperación de Menas e Mecánica de Solos (100% en todas as taxas), mostran que unha dedicación media-alta (4h e 3,2 h/semana) combinada con baixa dificultade percibida (1/3 e 1.6/3) xera eficiencia académica óptima. Non obstante, o caso máis revelador é Voaduras, onde a máxima dedicación horaria (4,4h/semana) e alta dificultade percibida (2,6/3) resultan no rendemento máis baixo (54,5%), demostrando que o esforzo sen estratexias efectivas non garante o éxito. Mecánica de Rochas repite este patrón crítico con 3,8h/semana e dificultade máxima (3/3) para un rendemento mediocre (62,5%). En contraste, Explotación Sostible logra 100% de éxito coa menor dedicación (2,2h/semana) e baixa dificultade (1,2/3), evidenciando que a adecuación entre complexidade real e percibida é crucial. Finalmente, o 40% dos estudantes non estuda a diario, o que pode estar afectando o rendemento nas materias máis esixentes.

Enquisas e Resultado do 2º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudiantado co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta ata o 31 de maio de 2025 para que o estudiantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa tres estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuadrimestre no 3º curso do grao ERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Explosivos (100%) e Recursos, instalacións e centrais hidráulicas (100%) presentan as porcentaxes máis altas. Control de calidade de materiais (80%) e Xestión de obras e

replanteos (66,7%) teñen valores intermedios. As taxas máis baixas atópanse en Explotación sostible de recursos mineiros II (60%) e Obras subterráneas (33,3%).

Taxa de éxito

Todas as materias, a excepción de Obras subterráneas, teñen unha taxa de éxito do 100%, o que suxire que todos os estudantes que se presentaron aprobaron.

Taxa de rendemento

Recursos, instalacións e centrais hidráulicas, Explosivos e Control de calidade de materiais acadan o 100%. Por outra banda, Xestión de obras e replanteos (66,7%), Explotación sostible de recursos mineiros II (60%) e Obras subterráneas (33,3%) teñen as taxas de rendemento máis baixas. Esta discrepancia é especialmente evidente en Obras subterráneas, onde só un terzo dos matriculados logrou aprobar.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Explosivos (6,3 h), Control de calidade de materiais (4 h), Recursos, instalacións e centrais hidráulicas (3,7 h), Xestión de obras e replanteos (3 h) e Explotación sostible de recursos mineiros II (3 h).

En canto á percepción de dificultade, Explosivos (2,7), Recursos, instalacións e centrais hidráulicas (2,7) e Xestión de obras e replanteos (2) teñen a valoración máis alta. Explotación sostible de recursos mineiros II (1,3) e Control de calidade de materiais (1,7) son percibidas como as menos difíciles.

3. Hábitos de estudo diario

O 67% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o 33% restante non o fai de forma regular. Esta alta porcentaxe de estudo diario é moi positiva e pode estar relacionada coas altas taxas de éxito na maioría das materias.

Conclusión

As altas taxas de éxito e rendemento en Explosivos, Recursos, instalacións e centrais hidráulicas e Control de calidade de materiais son moi positivas e reflicten un bo desempeño do alumnado. Porén, Obras subterráneas, Explotación sostible de recursos mineiros II e Xestión de obras e replanteos presentan as taxas de rendemento máis baixas. A pesar de que a súa taxa de éxito é alta, o seu baixo rendemento suxire que unha gran parte do alumnado non se presenta aos exames. Isto, xunto coa percepción de dificultade nalgúns materias, resalta a necesidade de revisar as estratexias de estudo e as metodoloxías de ensino.

É fundamental continuar coas medidas de apoio académico e orientación tutorial para fomentar un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes, para asegurar que o esforzo dos estudantes se traduza en éxito académico.

4.4.2 4º curso do grao ERME

Tras a presentación do titor, convocouse a todo o estudantado co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuatrimestre. A enquisa estivo aberta ata o 31 de decembro para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 3 estudantes

Enquisas e Resultados do 1º cuatrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuatrimestre no 4º curso do grao ERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

As materias de Proxecto Colaborativo, Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas e Tecnoloxías de refrixeración e climatización presentan unha taxa de avaliación do 100%, o que indica unha participación completa do alumnado. Xestión da enerxía térmica (88,5%) e Xestión e utilización da enerxía eléctrica (90,9%) mostran niveis de participación moi altos. Enerxías alternativas Fluidodinámicas rexistra un 87,5%, mentres que Organización de empresas presenta a taxa máis baixa (66,7%), suxerindo posibles dificultades de motivación ou preparación.

Taxa de éxito

Organización de empresas, Proxecto Colaborativo, Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas, Enerxías alternativas Fluidodinámicas e Tecnoloxías de refrixeración e climatización acadan o 100% de éxito, demostrando unha excelente asimilación de contidos. Xestión e utilización da enerxía eléctrica logra un 95%, e Xestión da enerxía térmica un 87%, mostrando tamén resultados moi positivos.

Taxa de rendemento

Proxecto colaborativo, Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas e Tecnoloxías de refrixeración e climatización obteñen un 100% de rendemento. Enerxías alternativas fluidodinámicas alcanza un 87,5%, e Xestión e utilización da enerxía eléctrica un 86,4%. Xestión da enerxía térmica presenta un 76,9%, mentres que Organización de empresas ten o rendemento máis baixo (66,7%), debido principalmente á súa baixa taxa de avaliación.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A análise revela relacións significativas entre o esforzo investido, a dificultade percibida e os resultados académicos. Proxecto Colaborativo recibe a maior dedicación (10 h/semana) cunha dificultade media (2/3), logrando resultados perfectos, o que indica unha xestión eficaz do traballo. Enerxías alternativas Fluidodinámicas, con alta dedicación (8 h/semana) e dificultade media (2/3), alcanza un excelente 87,5% de rendemento.

Xestión e utilización da enerxía eléctrica e Xestión da enerxía térmica mostran dedicacións similares (7 h e 6,8 h/semana) pero resultados diferentes. A primeira, con menor dificultade percibida (1,8/3), obtén mellor rendemento (86,4%) ca segunda, con maior dificultade (2,2/3) e 76,9% de rendemento. Isto suxire que a dificultade percibida inflúe significativamente na eficacia do estudo.

Organización de empresas, con baixa dedicación (4 h/semana) e mínima dificultade (1/3), presenta o rendemento máis baixo (66,7%), indicando que a falta de esforzo, mesmo en materias fáciles, afecta negativamente os resultados. Tecnoloxías de refrixeración e climatización, con dedicación media (6 h/semana) e baixa dificultade (1/3), logra resultados perfectos, demostrando unha óptima eficiencia na aprendizaxe.

3. Hábitos de estudo diario

O 60% dos estudantes declara estudar a diario, mentres que o 40% non o fai. Fomentar o hábito de estudo regular podería mellorar a confianza e a participación nas materias con menor taxa de avaliación, como é o caso da materia de Organización de empresas.

Conclusión

A análise dos resultados académicos evidencia unha clara interrelación entre a dedicación horaria, a percepción de dificultade e o rendemento final. Obsérvase que materias con alta dedicación e dificultade moderada, como Proxecto Colaborativo (10 h/semana, dificultade 2/3) e Enerxías alternativas Fluidodinámicas (8 h/semana, dificultade 2/3), acadan excelentes resultados (100% e 87,5% de rendemento), demostrando que o esforzo ben dirixido é efectivo. Por outra banda, Xestión da enerxía térmica (6,8 h/semana) presenta un rendemento inferior (76,9%) a pesar da súa alta dedicación, o que se atribúe á súa maior dificultade percibida (2,2/3), sinalando a necesidade de mellorar as estratexias de aprendizaxe nesta materia. O caso máis preocupante é Organización de empresas, que con baixa dedicación (4 h/semana) e mínima dificultade (1/3) obtén o peor rendemento (66,7%), indicando que a falta de compromiso avaliativo pode afectar mesmo a materias percibidas como fáciles. En contraste, Tecnoloxías de refrixeración e climatización (6 h/semana, dificultade 1/3) logra o 100% de rendemento, confirmando que a combinación de esforzo axeitado e baixa dificultade xera os mellores resultados.

Finalmente, a pesar de que o 60% estuda a diario, un 40% aínda non o fai. Fomentar hábitos de estudo regulares podería repercutir positivamente na confianza do alumnado para presentarse aos exames e mellorar o seu rendemento.

Enquisas e Resultados do 2º cuatrimestre

Convocouse a todo o estudiantado co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuatrimestre. A enquisa estivo aberta ata o 30 de maio de 2025 para que o estudiantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa tres estudantes

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuatrimestre no 4º curso do GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Deseño asistido por ordenador (100%) mostra a porcentaxe máis alta, seguida de Proxectos (85,7%) e Loxística e servizos mineiros (66,7%). En contraste, Traballo de Fin de Grao (33,3%) e Tratamento de correntes e efluentes (25%) teñen as taxas máis baixas. Isto suxire unha gran disparidade na motivación ou preparación do alumnado para presentarse aos exames.

Taxa de éxito

Todas as materias, a excepción de Traballo de Fin de Grao, teñen unha taxa de éxito do 100%, o que suxire que todos os estudantes que se presentaron aprobaron.

Taxa de rendemento

Deseño asistido por ordenador (100%) e Proxectos (85,7%) destacan coas taxas de rendemento máis altas. En contraste, as taxas de rendemento de Loxística e servizos mineiros (66,7%), Traballo de Fin de Grao (33,3%) e Tratamento de correntes e efluentes (25%) son notablemente máis baixas. É importante resaltar que na materia Tratamento de correntes e efluentes a taxa de éxito é do 100% pero a de rendemento é do 25%, polo que a maioría do alumnado non se presenta aos exames.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Traballo de Fin de Grao (10 h), Loxística e servizos mineiros (8,5 h), Proxectos (7,5 h) e Deseño asistido por ordenador (5 h).

En canto á percepción de dificultade, Loxística e servizos mineiros (2) e Traballo de Fin de Grao (2) teñen unha valoración intermedia, mentres que Proxectos (1) e Deseño asistido por ordenador (1) son percibidas como as menos difíciles.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do estudantado declara estudar a diario, o cal é un dato moi positivo e mostra unha boa cultura do esforzo que se reflicte nas altas taxas de éxito na maioría das materias.

Conclusión

As materias de Proxectos e Deseño asistido por ordenador destacan cun rendemento excepcional. En contraste, Tratamento de correntes e efluentes e Traballo de Fin de Grao presentan as taxas de rendemento máis baixas. No caso de Tratamento de correntes e efluentes, a baixa taxa de avaliación, a pesar da taxa de éxito do 100%, suxire que moitos estudantes non se presentan aos exames. No caso de Traballo de Fin de Grao, a baixa taxa de rendemento pode explicarse pola alta carga de traballo (10 h/ semana) e a baixa taxa de avaliación, que tamén indica unha alta deserción de estudantes na defensa.

A pesar de que o 100% dos estudantes estudan a diario, as estratexias de estudo e as metodoloxías de ensino deben ser revisadas para asegurar que o esforzo dos estudantes se traduza nun maior éxito académico, especialmente nas materias con baixo rendemento. É fundamental continuar coas medidas de apoio e orientación titorial para fomentar un estudo continuo e eficaz.

Nota sobre a participación nas enquisas

A participación nas enquisas realizadas foi moi baixa, o que limita a fiabilidade dos resultados en determinados apartados. Por iso, algunhas materias que aparecen reflectidas nos valores das taxas de éxito, avaliación e rendemento non poden ser analizadas en profundidade nos apartados 2 e 3, ao non contar con información suficiente para extraer conclusións representativas.

5 Actividades do PAT-ANEAE do máster MUEM

O coordinador de primeiro curso habilitou un espazo na plataforma MOOVI que se emprega como canle de comunicación co estudantado, onde se informa de cambios puntuais en horarios/espazos docentes, oferta de becas, celebración de conferencias, cursos, seminarios ou outras actividades extracurriculares de interese para o estudantado.

O 16 de setembro levouse a cabo unha xornada de benvida para informar ao novo estudiantado acerca do plan de estudos, dos horarios, do calendario, do profesorado e da profesión regulada de Enxeñeiro de Minas. O 20 de setembro abriuse o espazo INFO1-MUEM e publicouse unha mensaxe no foro Anuncios coa presentación do titor e con información sobre a estrutura do espazo e as súas funcionalidades. O 10 de outubro publicouse no devandito espazo a planificación de actividades das materias do primeiro cuatrimestre. O 20 de decembro pediuse ao estudiantado a súa participación na enquisa de dificultade e seguimento das materias do primeiro cuatrimestre mediante habilitada en MOOVI. O 3 de febreiro o titor do primeiro curso celebrou unha reunión co estudiantado para contrastar e valorar as queixas e suxestións recollidas nas preguntas de resposta libre da enquisa do primeiro cuatrimestre, co obxecto de ter unha información máis completa para trasladala á coordinadora da titulación.

5.1 1º Curso

Convocouse ao estudiantado a través de MOOVI para a valoración da docencia do primeiro cuatrimestre. Ao remate do prazo, responderon a enquisa 4 estudantes (sendo 8 o estudiantado de nova matrícula).

Enquisa e Resultados do 1º cuatrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuatrimestre no 1º curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do plan de acción tutorial.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

A maioría das materias presentan unha taxa de avaliación do 100%, o que indica un excelente compromiso por parte do estudiantado. Destacan positivamente Concentración de menas, Explotación sostible de recursos mineiros, Caracterización do medio físico, Combustibles sintéticos, Estratexias de eficiencia para a sustentabilidade, Bases xeolóxicas da minería, Procesado de datos para xemelgo dixital, Explosivos e voaduras e Xestión, diversificación, aforro e eficiencia térmica. Obtención e transformación de materiais metálicos mostra unha taxa do 87,5%, aínda alta pero con marxe de mellora. Automática, malia ter un 100% de avaliación, require análise particular polos seus resultados.

Taxa de éxito

Todas as materias excepto Automática acadan o 100% de éxito entre os estudantes avaliados. Este resultado excepcional demostra unha excelente asimilación de contidos e efectividade nas metodoloxías de ensino. Automática presenta unha taxa de éxito do 60%, indicando dificultades específicas nesta materia.

Taxa de rendemento

O rendemento reflicte fielmente as taxas anteriores. Doce materias logran o 100% de rendemento, destacando pola súa excelencia académica. Obtención e transformación de materiais metálicos obtén un 87,5%, mentres que Automática mostra o valor máis baixo (60%), consecuencia directa da súa reducida taxa de éxito.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A análise dos datos das enquisas revela relacións significativas entre o esforzo investido, a complexidade percibida e os resultados académicos. Obsérvase que Obtención e transformación de materiais metálicos é a materia que demanda maior dedicación (10,3 h/ semana e se percibe como a máis difícil (3/3). Con todo, a pesar da súa esixencia, alcanza un rendemento do 87,5%, o que indica que o esforzo resulta produtivo, aínda que persisten retos por superar.

En contraste, Automática (dificultade 3/3) e Concentración de menas (dificultade 2/3) representan desafíos relevantes. Particularmente preocupante é o caso de Automática, que cunha dedicación media de 4 h/ semana rexistra o rendemento máis baixo (60%), o cal suxire ineficacia nas estratexias de estudo empregadas.

Por outra banda, materias como Caracterización do medio físico (5,3 h/ semana, dificultade 2/3) e Explosivos e voaduras (4,3 h/ semana, dificultade 2/3) alcanzan un rendemento perfecto, reflectindo unha notable efectividade na aprendizaxe.

Finalmente, materias como Combustibles sintéticos, Estratexias de eficiencia e Xeointelixencia artificial, percibidas cun nivel de dificultade baixo (1/3), logran tamén resultados excelentes con dedicacións moderadas (aproximadamente 4 h semanais), evidenciando un balance óptimo entre esforzo, dificultade e rendemento.

Datos pendentes: Bases xeolóxicas da minería e Xestión de datos xeoespaciais, xa que non houbo respostas á enquisa do alumnado que as cursou.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do alumnado declara estudar a diario, un indicador moi positivo que, sen dúbida, incide nas altas porcentaxes de éxito na maioría das materias. Non obstante, o caso de Automática suxire que, aínda que haxa estudo diario, pode ser necesario un reforzo adicional ou un cambio de metodoloxía para afrontar con éxito os seus contidos máis complexos.

Conclusión

A análise global dos datos permite concluír que o desempeño académico do estudantado é, en termos xerais, altamente positivo. A maioría das materias alcanzan taxas de avaliación, éxito e rendemento do 100%, reflectindo un forte compromiso por parte do alumnado, hábitos de estudo constantes e metodoloxías docentes adecuadas. Neste contexto, destacan materias como Caracterización do medio físico, Explosivos e voaduras, así como aquelas con menor percepción de dificultade (Combustibles sintéticos, Estratexias de eficiencia e Xeointelixencia artificial), que logran resultados excelentes con dedicacións moderadas, mostrando un equilibrio óptimo entre esforzo e efectividade.

Porén, o caso de Automática expón un desafío significativo: a pesar de contar cun 100% de avaliación e unha dedicación media de 4 h/ semana, rexistra a taxa de éxito e rendemento máis baixas (60%). Isto suxire que os métodos de aprendizaxe aplicados, ou mesmo a estratexia docente, non están a resultar eficaces fronte á alta dificultade percibida, o que demanda unha revisión específica.

Pola súa banda, Obtención e transformación de materiais metálicos, aínda que é a materia máis esixente en dedicación e dificultade, alcanza un rendemento notable (87,5%), evidenciando que o esforzo investido é produtivo. En conxunto, os datos confirman un

panorama académico sólido, pero tamén a necesidade de reforzar materias críticas para garantir unha aprendizaxe integral e homoxénea.

Enquisa e Resultados do 2º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuadrimestre no 1º curso do MUEM. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Matemáticas Avanzadas (100%) e Enxeñaría de Explosivos (100%) presentan as taxas máis altas, seguidas de Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros (87,5%) e Xestión Integral de Industrias Mineiras (87,5%). Por último, Enxeñaría de Minerais e Materiais (50%) ten a taxa máis baixa, o que suxire unha baixa motivación ou preparación para o exame.

Taxa de éxito

Todas as materias teñen unha taxa de éxito do 100%, o que é un resultado extraordinario e indica que todos os estudantes que se presentaron aprobaron.

Taxa de rendemento

Matemáticas Avanzadas (100%) e Enxeñaría de Explosivos (100%) destacan coas taxas de rendemento máis altas. En contraste, as taxas de rendemento de Xestión Integral de Industrias Mineiras (87,5%), Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros (87,5%) e Enxeñaría de Minerais e Materiais (50%) son notablemente máis baixas. É importante resaltar que na materia Enxeñaría de Minerais e Materiais a taxa de éxito é do 100% pero a de rendemento é do 50%, polo que a metade do alumnado non se presenta aos exames.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Enxeñaría de Explosivos (5,3 h), Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros (5 h), Enxeñaría de Minerais e Materiais (5 h), Matemáticas Avanzadas (4 h) e Xestión Integral de Industrias Mineiras (4 h). A dedicación é bastante equilibrada, coa máis alta en Enxeñaría de Explosivos.

En canto á percepción de dificultade, Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros, Enxeñaría de Minerais e Materiais e Enxeñaría de Explosivos teñen unha valoración intermedia (2), mentres que Matemáticas Avanzadas (1) e Xestión Integral de Industrias Mineiras (1) son percibidas como as menos difíciles. A alta percepción de dificultade en Enxeñaría de Minerais e Materiais xunto coa súa baixa taxa de avaliación suxire que os estudantes teñen problemas con esta materia.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do estudiantado declara estudar a diario, o cal é un dato moi positivo e mostra unha boa cultura de traballo que se reflicte nas altas taxas de éxito na maioría das materias.

Conclusión

As materias de Matemáticas Avanzadas e Enxeñaría de Explosivos destacan cun rendemento e unhas taxas de éxito excepcionais. En contraste, Enxeñaría de Minerais e Materiais presenta a taxa de avaliación e de rendemento máis baixa, o que suxire que algúns

estudantes teñen problemas para entender esta materia e deciden non presentarse aos exames.

A pesar de que o 100% dos estudantes estudan a diario, as estratexias de estudo e as metodoloxías de ensino deben ser revisadas para asegurar que o esforzo dos estudantes se traduza nun maior éxito académico, especialmente na materia de Enxeñaría de Minas e Materiais que ten un baixo rendemento.

5.2 2º Curso

No segundo curso celebrouse unha reunión presencial ao comezo do curso, en horario de actividade docente, para a presentación do PAT, e outras dúas (unha ao remate do primeiro cuatrimestre e outra ao remate do segundo), co obxectivo de detectar incidencias, coñecer as actividades máis interesantes e recoller suxestións sobre temas ou información complementaria.

Enquisa e Resultados do 1º cuatrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do primeiro cuatrimestre no 2º curso do Máster Universitario de Enxeñaría de Minas e Enerxía. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

A maioría das materias presentan unha taxa de avaliación do 100%, demostrando un excelente compromiso por parte do estudantado. Destacan positivamente Simulación aplicada á xeotecnia, Simulación aplicada a procesos químicos, Xestión integral de industrias mineiras, Simulación aplicada á mecánica de fluídos, Túneles e infraestruturas subterráneas e Automática. Con todo, Simulación aplicada á mecánica de solos mostra unha taxa preocupantemente baixa (50%), indicando que a metade do alumnado non se presenta a avaliación. Xestión de recursos enerxéticos presenta unha taxa do 66,7%, mellorable pero dentro dun rango aceptable.

Taxa de éxito

Todas as materias acadan o 100% de éxito entre os estudantes avaliados. Este resultado excepcional demostra que quen se presenta a avaliación domina completamente os contidos, reflectindo unha efectiva preparación e adecuación das metodoloxías docentes.

Taxa de rendemento

O rendemento global reflicte principalmente as variacións na taxa de avaliación. Seis materias logran o 100% de rendemento, destacando pola súa excelencia académica integral. Xestión de recursos enerxéticos obtén un 66,7%, mentres que Simulación aplicada á mecánica de solos presenta o valor máis baixo (50%), consecuencia directa da súa reducida taxa de avaliación.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

O rango de estudo semanal sitúase entre 3 e 5 h por materia. A análise dos datos das enquisas permite extraer varias conclusións relevantes.

Automática e Simulación aplicada á mecánica de fluídos, ambas as dúas percibidas como as máis difíciles (3/3), alcanzan un rendemento perfecto con dedicacións moderadas (4 e 5 h/ semana, respectivamente). Este resultado reflicte estratexias de aprendizaxe efectivas e unha adecuada adaptación á complexidade dos contidos.

Pola contra, Simulación aplicada á mecánica de solos, considerada a máis sinxela (1/3) e con baixa dedicación (3 h/ semana), presenta a taxa de avaliación máis baixa (50%). Esta discrepancia suxire que os problemas non son estritamente académicos, senón que poderían estar relacionados con falta de motivación ou dificultades organizativas.

No caso de Simulación aplicada á xeotecnia e Túneles e infraestruturas subterráneas (5 horas semanais, con dificultade percibida de 2/3 e 1/3), os resultados mostran un rendemento máximo, o que evidencia unha óptima xestión do esforzo.

Finalmente, Xestión integral de industrias mineiras (4 h/ semana, dificultade 1/3) e Simulación aplicada a procesos químicos (3 h/ semana, dificultade 1/3) logran tamén resultados perfectos, reflectindo alta eficiencia académica. En contraste, Xestión de recursos enerxéticos (5 h/ semana, dificultade 2/3) rexistra un rendemento menor (66,7%), o que apunta a posibles barreiras na preparación para as avaliacións.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do alumnado manifesta estudar diariamente, o cal é un indicador sobresaínte de compromiso académico. Este hábito de constancia e regularidade ten unha incidencia directa nos excelentes resultados obtidos nas taxas de éxito e rendemento.

Conclusión

A análise dos resultados académicos mostra un panorama en xeral moi positivo, caracterizado por un forte compromiso do estudantado e unha adecuada organización do esforzo. A maioría das materias alcanzan taxas de avaliación do 100%, cun éxito igualmente pleno entre quen se presenta, o que confirma a eficacia das metodoloxías docentes e a preparación do alumnado. Non obstante, o caso de Simulación aplicada á mecánica de solos, cunha taxa de avaliación do 50%, e de Xestión de recursos enerxéticos, cun 66,7%, pon de manifesto áreas de mellora vinculadas máis á motivación, a organización ou a preparación avaliativa que ao dominio dos contidos.

En termos de dedicación, obsérvase un rango equilibrado de 3 a 5 h/ semana por materia. Resulta destacable que materias percibidas como moi difíciles, como Automática e Simulación aplicada á mecánica de fluídos, logran rendementos perfectos grazas a estratexias de estudo efectivas e á boa adaptación do alumnado á complexidade. Pola contra, materias con menor dificultade percibida pero con baixa taxa de avaliación evidencian desaxustes externos á aprendizaxe.

Finalmente, o 100% de hábito de estudo diario constitúe un factor clave nos altos niveis de éxito e rendemento, consolidando un modelo de formación sólido e eficaz.

Enquisa e Resultados do 2º cuatrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuatrimestre no 2º curso do MUEM. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

A taxa de avaliación, éxito e rendemento é do 100% na materia Traballo de Fin de Máster.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

Os estudantes non están dispoñibles para a enquisa por estaren a realizar as prácticas externas.

3. Hábitos de estudo diario

Os estudantes non están dispoñibles para a enquisa por estaren a realizar as prácticas externas.

Conclusión

A distribución das cualificacións confirma a alta taxa de éxito. Os 5 estudantes que se presentaron á avaliación final aprobaron, e a gran maioría (4 de 5) obtivo unha cualificación de notable ou sobresaliente. Este resultado reforza a conclusión de que os estudantes que logran completar o traballo e presentarse á defensa teñen unha alta probabilidade de conseguir unha boa nota.

6 Actividades do PAT-ENEAE do MUXSA

No curso 2024/2025 continuouse a impartir o Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga, en colaboración coas universidades da Coruña e de Santiago de Compostela. O 15 de setembro realizouse unha sesión de presentación coa participación das coordinadoras das tres universidades: Ana María Vázquez González (UDC), Marta Carballa Arcos (USC) e María Araújo Fernández (UVigo).

As cuestións referidas á carga de traballo excesiva nalguna materia foron tratadas e resoltas a nivel interuniversitario. Ningunha das materias impartidas na UVigo presentou esta problemática. Na UVigo, as estudantes de segundo curso ofrecéronse para asesorar o novo alumnado na elección de materias, en base á súa experiencia previa.

7 Actividades de orientación académica, profesional e formativas

Durante o curso realizáronse unha serie de accións de orientación e formativas para o estudiantado da EME que se mostran nas táboas 2, 3 e 4.

Táboa 2. Actividades de orientación académica

Actividade	Data	Responsable
Sesión informativa sobre mobilidade	6/11/2024	Francisco Deive
Sesión informativa sobre o TFG (prazos, temas, titorización, tramitación, redacción do documento, etc.)	5/11/2024	Francisco Deive Iria Feijó
Sesión informativa a alumnado de TFG sobre o procedemento de tramitación e defensa do TFG e a viaxe de estudos.	19/03/2025	Francisco Deive Iria Feijó

Sesión informativa sobre o TFM (procedemento administrativo, emprego da nova plataforma) e redacción de textos científicos e técnicos	21/05/2025	Elena Alonso
Sesión informativa estudiantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o MUEM	13/03/2025	Elena Alonso
Sesión informativa a estudiantado do GERME sobre as mencións da titulación	27/06/2025	Iria Feijoó
Sesión informativa estudiantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o MUEM (outra sesión)	16/07/2025	Elena Alonso

Táboa 3. Actividades de orientación profesional

Actividade	Data	Responsable
Charla de Xandre Costas, egresado do GEE "Oportunidades laborais dos novos egresados para o novo alumnado: Experiencia no GEE"	2/10/2024	Iria Feijó

Táboa 4. Actividades formativas extracurriculares

Actividade	Data	Responsable
Visita de 1º curso ás Termas de Outariz	31/10/2024	Iria Feijoó
Conferencia Proxecto EC4RURAL. A xeración distribuída a través de comunidades enerxéticas rurais	30/10/2024	Ana Rodríguez
Visita 2º curso á Central Hidroeléctrica de Belesar	11/04/2025	Francisco Deive
Taller de identificación de minerais: METAVERSO	22/05/2025	Iria Feijoó
Viaxe de estudos (graos es máster)	9-10/06/2025	O estudiantado foi acompañado polas profesoras Marta Cabeza e Salomé Álvarez. Visitaron MATSA Mining, ATALAYA Mining, ENUSA e Atlantic Copper. Actividade financiada polo Consello Social da UVIGO, COIMNE e a EME
Conferencia: La IA. Por qué y Para qué? Y en Ingeniería?	26/03/2025	Ana Mª Rodríguez

8 Informe PIUNE

Na escola, durante o curso 2024/2025, houbo tres persoas acollidas ao programa PIUNE. Dúas delas foron de continuidade e unha de nova incorporación, incluída ao final do segundo cuadrimestre.

No caso das estudantes de continuidade, ao inicio de cada cuadrimestre enviouse un correo electrónico ás persoas coordinadoras das materias nas que estaban matriculadas, coas pautas remitidas pola UNATEN. No mes de maio chegaron as pautas correspondentes á nova participante, que tamén se trasladaron ás persoas coordinadoras das materias implicadas.

Ao remate de cada cuadrimestre, a coordinadora do PAT-ANEA enviou os informes correspondentes á Área de Atención á Diversidade. Non se rexistraron incidencias ao longo do curso.

9 Programa de seguimento das persoas egresadas da EME

En maio de 2022 púxose en marcha o programa de seguimento de persoas egresadas da EME. O profesor Eduardo Liz Marzán, nomeado Enlace coas Persoas Egresadas lanzou neste curso a publicación da revista "Materia Prima" coa finalidade de facer visible a actividade profesional e laboral das persoas egresadas.

<https://minaseenerxia.uvigo.es/es/estudiantes/revistas/>

10 Conclusións

Como conclusións, indícase que:

- As actividades informativas e formativas realizadas ao longo do curso trataron temas de interese para o estudantado e a participación mellorou lixeiramente respecto ao curso anterior.
- A participación nas enquisas de dificultade mellorou ao fixar unhas datas para que o estudantado as responda en MOOVI de forma presencial.
- O interese do estudantado polo PAT e a asistencia ás reunións convocadas polos titores é, en xeral, baixa.

Respecto dos espazos INFO de información e coordinación en MOOVI facilitan o acceso á información para o profesorado e o estudantado e valóranse como unha ferramenta que mellora a súa accesibilidade (ou que mellora o acceso á información do estudantado).